

Asunto: CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DE SANXENXO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2024 con posibilidade de prórrogas.

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Visto os informes xurídicos e de fiscalización favorables, a aprobación por unanimidade do consello de administración de Turismo de Sanxenxo SL en data 11 de abril da organización da *Feira de Artesanía de Sanxenxo durante a tempada de verán 2024 con posibilidade de prórrogas*, do prego de bases para o *outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación* da mesma, da orde de publicación das bases na web do Concello de Sanxenxo, así como a delegación nesta Presidencia da tramitación do devandito expediente administrativo engadido a súa adxudicación, polo órgano de contratación.

Vista a publicación das bases do concurso na web do Concello de Sanxenxo (www.sanxenxo.es) en data 12 de abril así como nas súas RRSS, o último día hábil para presentar as instancias foi o 26 de abril engadido, constando como presentadas en prazo, as seguintes entidades segundo a documentación electrónica facilitada a esta Presidencia pola Sede Electrónica do Concello de Sanxenxo: ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS, AGA. G15128275

Tal e como se establece na Base 10 do prego e có obxecto de dar continuidade ao procedemento, procedeuse mediante Resolución de Presidencia a dar traslado do contido dos Sobres 1 (arquivos electrónicos) da devandita entidade á asesoría xurídica para a emisión de INFORME XURÍDICO sobre a documentación achegada polos solicitantes, do cumprimento ou non dos requisitos establecidos na Base 6 do prego, de si existían defectos subsanables con indicación dos mesmos, así como si finalmente procedía admitir ou non a quen corresponda. A asesoría xurídica emite informe xurídico favorable de admisión da entidade AGA, o cal consta no expediente administrativo.

En data 3 de de maio, esta Presidencia no uso das súas atribucións e seguindo instrucións do informe xurídico anterior, resolveu ADMITIR no presente procedemento á seguinte entidade: ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS, AGA (G15128275). Asemade, notificouse esta Resolución



aos interesados a través da Sede Electrónica do Concello de Sanxenxo, así como foi publicada a mesma na páxina web do Concello tal e como consta nas bases aprobadas no seu día.

Como continuación e segundo consta polo aportado pola Sede Electrónica do Concello de Sanxenxo, apertúrase o resto de documentación (arquivos electrónicos) a valorar pola entidade admitida (ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA) dándose traslado do contido dos Sobres 2 aos técnicos designados para realizar a valoración segundo os criterios establecidos nas bases, así como para a emisión dos informes técnicos correspondentes. Os técnicos designados foron D. Rafael Vazquez Abal, arquitecto municipal do Concello de Sanxenxo e Dna. M^a Eugenia Gonzaga Alonso, técnica de cultura do O.A.L. Terra de Sanxenxo. Do resultado das valoracións emitidas por ámbolos dous, os cales constan detallados nos informes obrantes no expediente e asinados polos técnicos correspondentes (informes de data 8 e 9 de maio), resultan as seguintes puntuacións:

ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA. G15128275

Puntuación total: 12+53= 65 puntos.

Por todo elo, contando coa delegación da tramitación e adxudicación do expediente nesta Presidencia, a continuación da fiscalización favorable da Intervención Xeral do Concello de Sanxenxo de data 20 de maio de 2024, esta PRESIDENCIA

RESOLVE:

I. ADXUDICAR A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DE SANXENXO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2024 CON POSIBILIDADE DE PRORROGAS, á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA, en base aos informes xurídicos, técnicos e contando coa fiscalización favorable da Intervención Xeral do Concello e á vista da valoración de ofertas presentadas. Esta adxudicación ven motivada por acadar a ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS a maior puntuación no concurso (65 puntos).

II. NOTIFICAR A PRESENTE RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN AOS SOLICITANTES e ao Concello de Sanxenxo aos efectos oportunos, debendo ser publicada a mesma na páxina web do Concello de Sanxenxo.



En Sanxenxo a 21 de maio de 2024, asinado electrónicamente pola Alcaldía-Presidencia.

“A presente Resolución pon fin a vía administrativo ao amparo do disposto no artigo 114 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de un mes dende a notificación desta Resolución.

Alternativamente, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte a notificación da Resolución, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa”

